

INFORME TÉCNICO

ANÁLISE DO SOBRE A DO EXPEDIENTE 2020/C004/000008 - ESPAZO DE INTERCAMBIO DE OBXECTOS E UTENSILIOS EN PUNTOS LIMPOS DO CONSORCIO AS MARIÑAS

LOTE 4: CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO

1. ANTECEDENTES

No seguinte informe recóllese a análise da proposta técnica da empresa ÁRTABRA COMUNICACIÓN, S.L. e a súa conformidade cos Pregos que rexen a contratación do Lote 4 "Campaña de comunicación do proxecto" do Espazo de intercambio de obxectos e utensilios en puntos limpos do Consorcio As Mariñas.

A continuación analízanse os aspectos recollidos nos pregos e a adaptación feita pola empresa.

2. CONTIDOS VALORADOS

2.1 Solución proposta

Os traballos a realizar axústanse ao establecido no Prego de Prescricións Técnicas que rexen a licitación, incluíndo a elaboración da estratexia de comunicación, a definición gráfica da campaña e o servizo de comunicación aos medios.

O calendario non contempla o inicio en novembro de 2020, necesario a efectos de xustificación da subvención concedida.

2.2 Presenza en medios de comunicación

Inclúese a publicidade en medios de comunicación escritos e radio. A presenza en formato papel resulta escasa.

2.3 Metodoloxía de traballo

A metodoloxía de traballo, baseada na comunicación fluida e constante entre empresa e Consorcio As Mariñas aparece como correcta para o desenvolvemento exitoso do proxecto.

2.4 Presenza en canais dixitais

Aparece reflexada na Memoria Técnica a presenza en medios dixitais aproveitando as redes sociais existentes e consolidadas do Consorcio As Mariñas.

2.5 Obxectos promocionais ou reclamos publicitarios

Propónse a realización de gardamáscaras reutilizables ou botellas de xel desinfectante de peto.

Propónse a promoción de uso do espazo por persoeiros públicos.

Propónse a promoción presencial nas Casas do Concello e dependencias municipais.

As tres propostas considéranse axeitadas para unha correcta promoción do servizo.

3. CONDICIÓNIS ADICIONAIS

A Memoria Técnica presentada non fai referencia ás condicións adicionais establecidas no Prego de Prescricións Técnicas que rexen a licitación (propiedade intelectual, confidencialidade e protección de datos e transferencia tecnolóxica) que deberán de ser asumidas en integridade no caso de resultar adxudicataria.

Á vista da Memoria Técnica presentada a puntuación proposta, sobre un máximo de 25 puntos, é a seguinte:

EMPRESA: ARTABRA COMUNICACIÓN, SL	PUNTUACIÓN
Solución proposta	4
Presenza en medios de comunicación	2,5
Metodoloxía de traballo	5
Presenza en canais dixitais	4
Obxectos promocionais ou reclamos publicitarios	5
TOTAL	20,5

Todo o exposto é o que debo de informar ao respecto.

En Bergondo, na data de sinatura dixital que consta no documento.

M^a Mercedes Casanova Díaz
Técnica de Comunicación e Proxectos
Consortio As Mariñas